



COMUNICACIÓN PREVIA - OBRAS MENORES (CP-1)

Descrición

Son obras menores, caracterizadas pola súa escasa entidade económica e pola súa sinxeleza técnica, e eximen da necesidade de documentación técnica, as dirixidas á simple reparación, decoración, ou mantemento e limpeza.

Requisitos de iniciación

O/a promotor/a, con carácter previo á execución do acto de que se trate, comunicará ao concello a súa intención de levar a cabo o acto cunha antelación mínima de quince días hábiles á data na que pretenda comezar a súa execución.

Documentación Obrigatoria

- Planos de situación e localización: Planos de situación e localización da edificación ou parcela na que se vai realizar a obra, a escala mínima 1:2000 e 1:500 respectivamente.
- Memoria descritiva e orzamento desagregado: Memoria descritiva e orzamento desagregado da obra ou actuación que se vai realizar.
- Reportaxe fotográfica: Reportaxe fotográfica, incluídas fotografías da totalidade de fachada e do interior do local, se son obras interiores, subscrita pola persoa solicitante.
- Autoliquidación da taxa e I.C.I.O.: Autoliquidación da taxa pola tramitación administrativa e do imposto de construcións, instalacións e obras.
- Xustificación do pagamento da taxa e I.C.I.O.: Recibo de pagamento da Tesourería Municipal ou xustificante de ingreso en conta.

Documentación segundo o caso

- Autorizacións e informes sectoriais: Autorizacións e informes sectoriais que sexan preceptivos.
- Nos casos de presentar documentación técnica: declaración responsable (ou certificado colexial) do/a técnico/a competente na que figuren os seus datos persoais e profesionais de xeito que permita a súa identificación e na que se acredite que non está inhabilitado/a ou incurso/a en causa de incompatibilidade
- Acreditación da representación: Quen compareza ou asine en representación doutra, acompañará ademais un documento que acredite debidamente a devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable). Nos casos de persoas xurídicas, documentación acreditativa da representación e escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou a acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, se é o caso, no rexistro público que corresponda segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.



Observacións

Son obras menores, caracterizadas pola súa escasa entidade económica e pola súa sinxeleza técnica, e eximen da necesidade de documentación técnica, as dirixidas á simple reparación, decoración, ou mantemento e limpeza. Inclúense as obras enumeradas na seguinte relación:

A. Mantemento de partes non edificables de parcelas e soares:

- Limpeza e roza interior de parcelas e soares, sen movementos de terras nin tala de árbores.
- Reparación de peches de parcelas sen afeccións estruturais.

B. Mantemento de fachadas dos edificios:

- Reparación e substitucións de elementos auxiliares da cuberta (caleiros, baixantes e varandas).
- Limpeza e pintado de fachadas.
- Cambio de carpintería exterior, persianas, varandas ou similares.

C. Mantemento de cubertas dos edificios:

- Substitución puntual de material de cubertas ou terrazas.
- Substitución dos elementos de acabado das cubertas e terrazas, por aqueles outros que estean expresamente admitidos polo planeamento, sen afectar a elementos estruturais.

D. Mantemento e actualizacións das instalacións dos edificios:

- Substitucións de instalacións privativas de vivenda ou local (auga, gas, electricidade, saneamento ou similar)
- Novas instalacións non encastadas en elementos estruturais (vigas, piares, paredes mestras etc.)
- Mantemento de instalacións comúns do edificio (ascensor, cadeiras etc.)

E. Mantemento dos acabados interiores dos edificios:

- En paredes, chans e falsos teitos.
- Reformas en cociñas ou baños que non modifiquen as divisións interiores.